Ante o procedemento de infracción na UE por incumprimento da Directiva 91/676/CEE do Consello, do 12 de decembro de 1991, relativa á protección das augas contra a contaminación producida por nitratos utilizados na agricultura e a elaboración do anterior Real decreto, onde xa se establecían prohibicións na xestión do xurro, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno da Xunta de Galicia a:

1º) Actuar contra a contaminación do solo por nitratos e do aire por amoníaco, con medidas de apoio económico aos produtores gandeiros para levar a cabo actuacións que minoren a dita contaminación e a posta en funcionamento de solucións conxuntas para o tratamento do xurro.

2º) Dirixirse ao Goberno de España para que:

1. Contemple posibles excepcións á prohibición do prato de choque e ao Plan de abonado, en particular para explotacións de pequeno tamaño, tendo en conta o impacto económico e social no medio rural.

2. Flexibilice, en casos debidamente xustificados, a aplicación da norma que esixe que as instalacións de almacenamento dos produtos fertilizantes se deben situar fóra das zonas inundables, que aparecen delimitadas no Sistema de Cartografía de Zonas Inundables, tendo en conta posibles deseños e técnicas construtivas que eviten a contaminación das augas.

3. Contemple a posibilidade de aplicación de esterco con técnicas e prácticas alternativas que probasen cientificamente a súa capacidade de redución das emisións de gases.

4. Flexibilice as condicións de aplicación dos abonos nas pequenas explotacións de zonas de alta pluviometría media.

5. Tendo en conta as achegas de nutrientes, elabore un plan para os cultivos de viñado e forraxeiros con máis de 10 Has e na horta profesional con calquera superficie. Non se debe exceder un 10 % das necesidades do cultivo.



6. Elabore unha cartografía para analizar as superficies en metais pesados e outros contaminantes e impurezas por parte do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.
7. Que a posta en marcha do RD vaia acompañada por un servizo de asesoramento personalizado nas explotacións, establecendo o MAPA uns criterios xerais e, o acordo coas CC.AA, para a súa posta en marcha de maneira inmediata.
8. Coa entrada en vigor do decreto, establecer un período transitorio suficiente, que permita poñer en marcha os servizos de asesoramento necesarios, para a súa correcta implementación nas explotacións.
9. A través dos ministerios de Ciencia e de Agricultura, financie estudos e proxectos de investigación, que axuden a apoiar con datos científicos, as mellores medidas de mitigación adaptadas ás diferentes condicións edafoclimáticas, tipos de explotacións e ao manexo das explotacións gandeiras do país.
10. Realice un estudo de “custos marxinais”, (euros/T de amoníaco reducido), que acompañe ás distintas medidas propostas da Guía de Boas Prácticas Agrarias para reducir a contaminación atmosférica, que axude a priorizar as medidas máis eficientes de mitigación.

Pazo do Parlamento, 5 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 05/02/2021 13:39:47

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 05/02/2021 13:40:08

Gonzalo Caballero Míguez na data 05/02/2021 13:40:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Luis Bará Torres** e da deputadas **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**, sobre as medidas preventivas aplicadas pola Xunta de Galiza ás traballadoras ao servizo da administración galega para evitar o contaxio pola Covid.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A medida que a pandemia ía evolucionando tamén ía medrando o coñecemento sobre o virus Sars Cov 2 que a provocou, así como sobre a súa propagación e, xa que logo, as medidas de protección fronte ao contaxio. E por iso nun primeiro momento a Dirección Xeral de Sanidade da Xunta de Galiza consideraba totalmente innecesario o uso de máscara, entendendo protección abonda manter unha distancia de seguridade de 1,5 m., mesmo en lugares de traballo pechados.

Posteriormente apreciándose que o principal sistema para a transmisión do virus eran os aerosois e que as recomendacións anteriores foran tremendamente erradas, estableceuse a obriga de usar máscara e a necesidade de manter os espazos de traballo ventilados e cunha frecuente renovación do aire. Neste proceso evolutivo o Presidente da Xunta de Galiza nunha recente comparecencia parlamentaria amosouse partidario da existencia do uso de máscaras FFP2 en lugares pechados, indicando a súa intención de transmitir tal apreciación ao Presidente do Goberno do Estado para que poda ordenar por lei o uso de tal máscara.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante a consciencia do Goberno Galego da imperiosa necesidade do uso de máscara FFP2 para evitar o contaxio polo Covid, máxime ante as mutacións que está a experimentar e que presumiblemente potencian a súa capacidade de transmisión; resulta sorprendente a desatención que a Xunta de Galiza está a submeter ás súas propias traballadoras, ás que a duras penas facilita máscaras cirúrxicas.

Así e nomeadamente no ámbito da Administración de Xustiza, no que é habitual que cinco ou seis persoas partillen o mesmo habitáculo -ás veces sen ningunha ventilación natural-, a Xunta de Galiza non facilita ás súas traballadoras as máscaras que estima necesarias para evitar o contaxio, someténdolas a unha situación que o Presidente da Xunta considera de risco elevado.

A ausencia de material preventivo non se ve compensado, antes ao contrario, pola realización de controis ou pola áxil aplicación de medidas de illamento. Nos cribados realizados en distintas localidades non se está a incluír ao persoal da administración de xustiza destinado nas mesmas, sirva coma exemplo o acontecido en Verín, Ribadavia, O Carballiño ou A Coruña...

Igualmente detectados positivos en distintos xulgados de Galiza, non se realizaron probas ao resto das traballadoras do xulgado, nin se ordenou o seu confinamento, permitindo a continuidade no traballo co risco de contaxio que puidera implicar e que en algún caso deu lugar ao contaxio xeralizado do persoal destinado na unidade xudicial.

No Xulgado mixto de Verín a pesares de terse detectado un positivo nunha traballadora non se adoptou medida algunha respecto do resto do persoal que seguiu acudindo ao posto de traballando, situación que rematou coa metade da unidade





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

contaxiada por coronavirus. Situación de ausencia de medidas de protección análoga á vivida noutros xulgados, aínda que o resultado non foi idéntico en todos os casos.

A pesares das reiteradas denuncias realizadas pola representación sindical das traballadoras a situación non mellora substancialmente, pois seguen sen dispor das máscaras que o Presidente da Xunta considera necesarias, non se lle realizan probas de control, e só nalgúns casos (acotío tras demanda sindical) tras detectarse un positivo se lle comunica ao cadro de persoal e se acorda o confinamento do mesmo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Facilitar máscaras FFP2 ao persoal ao servizo da Xunta de Galiza, en todo caso, ao que realice funcións cara ao público e a todas aquelas que no desenvolvemento do seu traballo partillen estancia.
2. Practicar probas de detección de coronavirus ao persoal ao servizo da Xunta de Galiza e, en todo caso, incluír nas listaxes de cribados masivos que se realicen nas poboacións nas que desenvolven o seu labor profesional.
3. Velar polo estrito cumprimento das medidas de illamento do persoal que partille estancia, tras detectárense un caso positivo no lugar de traballo.”

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/02/2021 10:37:58

Iria Carreira Pazos na data 08/02/2021 10:38:08

Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2021 10:38:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Paulo Ríos Santomé, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre as medidas a tomar para garantir o servizo de transporte metropolitano nas parroquias de Ortoño, Bugallido e Biduído no Concello de Ames.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa chegada dos novos convenios e contratos no eido do transporte colectivo, son moitas as eivas e as problemáticas que se atopa a sociedade galega á hora de facer uso do servizo de transporte.

O transporte colectivo é un servizo básico e fundamental que debería vertebrar o noso país dun xeito máis sostíbel e rendíbel que coa utilización do transporte privado.

Foron moitas as incidencias ocorridas coa implantación do novo convenio o 23 de decembro. A veciñanza das parroquias afectadas viron eliminada a súa liña de transporte da noite para a mañá, sen existir unha alternativa formulada polas administracións competentes, e deixando sen servizo a unha liña que viña operando por 50 anos, sendo unha liña de grande demanda e soportando unhas 140 usuarias ao días.

Esta liña correspondía ao servizo de transporte urbano do Concello de Santiago de Compostela, financiada pola Xunta de Galiza e na que a veciñanza podía utilizar a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tarxeta do Transporte Metropolitano de Galiza, accedendo así ás bonificacións da mesma.

O Concello de Ames presentou, por varias veces, alegacións ao Plan de Transporte Metropolitano, no seu proceso de exposición pública no ano 2017, pedindo a inclusión desta liña no plan, ademais de diferentes melloras no servizo. A Xunta de Galiza rexeitou estas alegacións e tampouco proporcionou ningún tipo de alternativa á veciñanza afectada pola eliminación da liña P2 que afecta ás parroquias de Ortoño, Bugallido e Biduído na súa conexión con Santiago.

O día 28 de xaneiro, a corporación municipal do Concello de Ames, aprobaba por unanimidade, unha moción presentada polo equipo de goberno e consensuada coas diferentes asociacións de veciños afectadas, instando á Xunta de Galiza a asumir as súas competencias no transporte metropolitano ante a desaparición da liña urbana de Santiago que daba servizo ás parroquias de Ortoño, Bugallido e Biduído, as parroquias máis poboadas do Concello de Ames.

O servizo de transporte metropolitano é un servizo vital para as localidades próximas ás cidades galegas, xa sexa por motivos laborais, de estudos, administrativos etc, é un servizo moi utilizado pola poboación, e en ningún caso pode ser suprimido sen que as diferentes administracións aporten unha solución.

Dende o BNG entendemos que debe ser a Xunta de Galiza quen aporte unha solución a esta problemática mediante unha modificación no Plan de Transporte Metropolitano, tal e como facultan os propios pregos administrativos no punto 7, e que se cree unha nova liña que veña a reverter a situación que se vive no Concello de Ames con esta supresión.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entendemos, esta liña de acción como prioritaria, para que a veciñanza das parroquias afectadas poidan facer uso dos descontos que o transporte metropolitano ten sobre o transporte urbano da cidade de Santiago, e que a mocidade de Ames poida beneficiarse da gratuidade do servizo coa tarxeta “Xente Nova”, a cal consideramos insuficiente en canto á cobertura na idade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a modificar o Plan de Transporte Metropolitano, para reverter a situación de falta de servizo do transporte colectivo nas parroquias de Ortoño, Bugallido e Biduído no Concello de Ames, na súa conexión con Santiago de Compostela.”

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2021

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Iria Carreira Pazos

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 08/02/2021 13:03:48

Iria Carreira Pazos na data 08/02/2021 13:03:58

Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2021 13:04:07



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Alberto Pazos Couñago, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

O Parlamento Europeo vén de aprobar recentemente unha Resolución sobre un aumento dos recursos pesqueiros no mar, baixo o título “medidas para promover a recuperación das poboacións de peixes por riba do rendemento máximo sustentable (RMS), en particular zonas de recuperación de poboacións de peixes e zonas mariñas protexidas”.

Aínda que non ten valor vinculante, pois non se trata de un texto lexislativo, esta Resolución si contén numerosos aspectos que ao parecer do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, son moi negativos para os intereses da frota pesqueira galega e da cadea mar-industria.

En concreto, non se recoñecen os esforzos e logros do sector pesqueiro cara a sustentabilidade, apóstase por substituír o criterio de Rendemento Máximo Sustentable (RMS) polo Rendemento Máximo Económico (REM) e, en definitiva, realízase unha excesiva presión ambiental sobre o sector, que xa ten que afrontar retos como os efectos da obriga de desembarque, o Brexit, a pandemia da covid-19 e a futura reforma do Regulamento de Control

Este texto vai na liña dunha visión que non ten en conta a realidade social e económica do mundo do mar e, en consecuencia, é preciso que, desde todas as institucións – incluído a Cámara galega- sigamos traballando en favor do xusto equilibrio entre a sustentabilidade ambiental e as dimensións económica, social e de emprego da actividade pesqueira.

Se ben todos coincidiremos en que o futuro o planeta debe ser verde e azul, debemos asegurar tamén que o futuro do sector pesqueiro sexa de todos os homes e mulleres que viven del e que a normativa vixente teña en conta as características singulares



dunha actividade que pode ser plenamente sustentable é, á súa vez, xerar oportunidades de emprego e actividade económica.

Por todo o exposto, desde este Grupo Parlamentario, presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Parlamento Europeo e á DG Mare para amosar o seu rexeitamento á Resolución sobre un aumento dos recursos pesqueiros no mar, medidas para promover a recuperación das poboacións de peixes por riba do rendemento máximo sustentable (RMS), en particular zonas de recuperación de poboacións de peixes e zonas mariñas protexidas, de tal xeito que se reconsidere o seu contido, en favor do xusto equilibrio entre a sustentabilidade ambiental e as dimensións económica e sociolaboral da actividade pesqueira”.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 08/02/2021 14:15:48

Teresa Egerique Mosquera na data 08/02/2021 14:16:08

José Manuel Balseiro Orol na data 08/02/2021 14:16:18

José Alberto Pazos Couñago na data 08/02/2021 14:16:32

Ana Belén García Vidal na data 08/02/2021 14:16:42

Manuel Santos Costa na data 08/02/2021 14:16:51

María Elena Suárez Sarmiento na data 08/02/2021 14:16:59

Daniel Vega Pérez na data 08/02/2021 14:17:14

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, en demanda dun Estudo de Impacto ambiental conxunto dos seis parques eólicos que se prevén construír no Monte do Gato que garanta a conservación e posta en valor da Necrópole Megalítica do Monte do Gato.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Monte do Gato, nos concellos de Oza-Cesuras, Aranga e Coirós, está prevista a construción de 6 parques eólicos - P.E. Felga, P. E. Gato, P. E. Penas Boas, P. E. Feás, P. E. Seselle e P. E. Fontella – cun total de 40 aeroxeneradores. O Monte do Gato está incluído dentro das áreas de desenvolvemento eólico do Pico Felga e do Monte do Gato recollidas no Plan sectorial eólico de Galiza.

Catro destes proxectos de Parque Eólico pasaron recentemente a exposición pública dos seus estudos de impacto ambiental (EIA), concretamente o P. E. Felga que promove Greenalia, e os Parques Seselle, Feás e Fontella que promove Galenergy. Desde o BNG presentamos alegacións a estes proxectos nos que botamos en falta un estudo de conxunto do impacto destes 40 aeroxeneradores nunha área de menos de 5 quilómetros. Os impactos ambientais estúdanse por separado, e nos casos dos tres parques de Galenergy nin sequera se recollen os outros 3 parques de Greenalia que se prevé construír na zona.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A fragmentación dun Parque Eólico é unha práctica fraudulenta cando se presenta un Estudo de Impacto Ambiental individual de cada un dos proxectos fragmentados, evitando unha avaliación global de todo o proxecto e das garantías esixibles, como recolle a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso, Sede A Coruña, Sección 3, data 09/11/2020, Nº de Recurso 7134/2019, Nº de Resolución: 254/2020.

Ademais no Monte do Gato atópase unha gran necrópole megalítica formada por 17 mámoas catalogadas e dous petróglifos. Se ben, esta necrópole, que foi sinalizada no seu día, se atopa nunha situación de evidente abandono por parte das administracións que teñen a competencia sobre patrimonio e que teñen a obriga legal da súa conservación e posta en valor, nomeadamente da propia Xunta de Galiza, que ten a competencia exclusiva sobre o Patrimonio en Galiza, trátase dun importante ben patrimonial que é necesario conservar e poñer en valor.

Segundo puidemos ver nos medios de comunicación nas pasadas semanas na zona onde se prevé a instalación dun dos aeroxeneradores do Parque Felga, existen dúas mámoas non catalogadas e sempre segundo información dos medios, despois da denuncia dunha veciña da zona, isto vai obrigir a repetir o estudo arqueolóxico para este parque en concreto.

Ademais, 9 dos aeroxeneradores do Parque Eólico Fontella atópanse dentro da zona núcleo da Reserva da Biosfera das Mariñas e Terras do Mandeo e afecta ademais, segundo o propio Estudo de Impacto Ambiental, a un hábitat de interese comunitario.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Esixir un Estudo de Impacto ambiental conxunto destes 6 parques eólicos, que supoñen a instalación dun total de 40 aeroxeneradores nunha área menor a 5 quilómetros e que nalgúns casos comparten accesos e mesmo instalacións.
2. Garantir a conservación e posta en valor da Necrópole Megalítica do Monte do Gato.”

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 08/02/2021 16:32:12

Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2021 16:32:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, en demanda dun Estudo de Impacto ambiental conxunto dos seis parques eólicos que se prevén construír no Monte do Gato que garanta a conservación e posta en valor da Necrópole Megalítica do Monte do Gato.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Monte do Gato, nos concellos de Oza-Cesuras, Aranga e Coirós, está prevista a construción de 6 parques eólicos - P.E. Felga, P. E. Gato, P. E. Penas Boas, P. E. Feás, P. E. Seselle e P. E. Fontella – cun total de 40 aeroxeneradores. O Monte do Gato está incluído dentro das áreas de desenvolvemento eólico do Pico Felga e do Monte do Gato recollidas no Plan sectorial eólico de Galiza.

Catro destes proxectos de Parque Eólico pasaron recentemente a exposición pública dos seus estudos de impacto ambiental (EIA), concretamente o P. E. Felga que promove Greenalia, e os Parques Seselle, Feás e Fontella que promove Galenergy. Desde o BNG presentamos alegacións a estes proxectos nos que botamos en falta un estudo de conxunto do impacto destes 40 aeroxeneradores nunha área de menos de 5 quilómetros. Os impactos ambientais estúdanse por separado, e nos casos dos tres parques de Galenergy nin sequera se recollen os outros 3 parques de Greenalia que se prevé construír na zona.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A fragmentación dun Parque Eólico é unha práctica fraudulenta cando se presenta un Estudo de Impacto Ambiental individual de cada un dos proxectos fragmentados, evitando unha avaliación global de todo o proxecto e das garantías esixibles, como recolle a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso, Sede A Coruña, Sección 3, data 09/11/2020, Nº de Recurso 7134/2019, Nº de Resolución: 254/2020.

Ademais no Monte do Gato atópase unha gran necrópole megalítica formada por 17 mámoas catalogadas e dous petróglifos. Se ben, esta necrópole, que foi sinalizada no seu día, se atopa nunha situación de evidente abandono por parte das administracións que teñen a competencia sobre patrimonio e que teñen a obriga legal da súa conservación e posta en valor, nomeadamente da propia Xunta de Galiza, que ten a competencia exclusiva sobre o Patrimonio en Galiza, trátase dun importante ben patrimonial que é necesario conservar e poñer en valor.

Segundo puidemos ver nos medios de comunicación nas pasadas semanas na zona onde se prevé a instalación dun dos aeroxeneradores do Parque Felga, existen dúas mámoas non catalogadas e sempre segundo información dos medios, despois da denuncia dunha veciña da zona, isto vai obrigarnos a repetir o estudo arqueolóxico para este parque en concreto.

Ademais, 9 dos aeroxeneradores do Parque Eólico Fontella atópanse dentro da zona núcleo da Reserva da Biosfera das Mariñas e Terras do Mandeo e afecta ademais, segundo o propio Estudo de Impacto Ambiental, a un hábitat de interese comunitario.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Esixir un Estudo de Impacto ambiental conxunto destes 6 parques eólicos, que supoñen a instalación dun total de 40 aeroxeneradores nunha área menor a 5 quilómetros e que nalgúns casos comparten accesos e mesmo instalacións.
2. Garantir a conservación e posta en valor da Necrópole Megalítica do Monte do Gato.”

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 08/02/2021 16:33:23

Daniel Castro García na data 08/02/2021 16:33:27





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 08/02/2021 16:33:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Alexandra Fernández Gómez** e dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de que a Xunta elabore un informe de rendición de contas do Plan Rehavita no que se avalíen a súa execución e resultados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 12 de febreiro de 2015 o Consello da Xunta aprobou o Plan Rehavita, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020 coa previsión de destinar un investimento directo por parte da Administración Pública dun total de 307 millóns de euros. Cunha media de 51 millóns de euros por anualidade, esta previsión orzamentaria supuña a consolidación dos recortes orzamentarios aplicados en materia de vivenda polo goberno de Feijóo dende o ano 2010, e que contrastan cos 201 millóns de euros destinados nos orzamentos para o ano 2009 ás políticas de vivenda.

Deixando a un lado as discrepancias que existen entre o goberno do PP e o noso grupo sobre a falta de ambición dese Plan Rehavita, que se reflicten na baixa porcentaxe de inversión dedicada ás políticas de vivenda e o deseño concreto das medidas contidas no Plan; é necesario elaborar unha avaliación da execución e resultados das propostas. A finalización da Plan Rehavita no pasado 2020 esixe, neste momento de impás no que se vai implementar un novo plan, elaborar unha avaliación sobre o alcance real das





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

inversións programadas pola propia Xunta e do grao de consecución de obxectivos anunciados.

Dos 307 millóns de euros totais previstos, o Plan Rehavita definía o seguinte reparto: 107,5M€ destinados ao Eixo 1 Acceso á vivenda, 133,82 M€ destinados ao Eixo 2 Rehabilitación de vivendas e renovación urbana, 63,60 M€ destinados ao Eixo 3 Prevención da exclusión residencial e 2,01 M€ ao Eixo 4 Outras medidas en materia de vivenda.

Ano tras ano podemos comprobar como o orzamento destinado aos programas de vivenda se saldan con datos de execución orzamentaria moi baixos sen que a Consellería dea explicacións ao respecto. Por iso, neste momento no que remata a vixencia do Plan Rehavita e a Xunta debe abordar a elaboración dunha nova planificación, cremos que resulta imprescindible facer unha avaliación do cumprimento da inversión prevista e as causas das fortes variacións entre o orzamentado e a execución real, que permitan corrixir en futuros plans estas desviacións.

Por outra banda, en aras da transparencia e do bo goberno debería ser a propia Xunta quen elaborase un documentos de avaliación do grao de cumprimento dos obxectivos e das inversións previstas no Plan Rehavita de forma detallada. Entendemos que a renovación do Programa esixe a elaboración dun informe que funcione en dous sentidos: como rendición de contas pública e como análise e punto de situación para a elaboración do novo Plan de vivenda.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a elaborar un informe de rendición de contas do Plan Rehavita onde se recolla, entre outros:

- Os datos da inversión real que o Goberno galego realizou para dar cumprimento ao Plan RehaVita, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, de forma detallada e para cada un dos eixos de actuación.

- Un diagnóstico das causas das desviacións orzamentarias e unha avaliación do seu impacto sobre os obxectivos marcados.

- Mecanismos e actuacións que sirvan para corrixir as deficiencias do anterior Plan de vivenda.”

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 08/02/2021 17:24:44

Paulo Ríos Santomé na data 08/02/2021 17:24:58

Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2021 17:25:02



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

O hospital da Mariña, sito en Burela, é o hospital de referencia da zona norte da provincia de Lugo e atende a unha poboación de máis de 70.000 habitantes que se incrementa de xeito exponencial na época de vacacións.

No hospital da Mariña hai tres prazas de cardiloxía, non obstante a día de hoxe o hospital só conta cun único cardiólogo que só atende as urxencias, tal e como veñen de denunciar pacientes e a Plataforma Sanitaria da Mariña.

En setembro de 2020 un dos cardiólogos do hospital da Mariña solicitou unha excedencia, sen que a día de hoxe o Sergas cubrise esta vacante. A finais do ano 2020 o Sergas afirmaba que a atención na área de cardiloxía se atopaba garantida polo feito de que quedaban dous cardiólogos no hospital.

Dende hai 15 días, debido a una incapacidade temporal, tamén falta a segunda cardióloga que forma parte deste servizo, co que queda un único cardiólogo no servizo de cardiloxía no hospital da Mariña, que só atende urxencias.

A non cobertura destas prazas é unha mostra máis da degradación constante e do desmantelamento da sanidade pública na comarca da Mariña por parte da Xunta de Galicia.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que de xeito urgente repoña o servizo de cardioloxía do hospital da Mariña, polo menos, ao seu nivel previo a setembro de 2020.

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 08/02/2021 12:52:29

Julio Torrado Quintela na data 08/02/2021 12:52:45

Marina Ortega Otero na data 08/02/2021 12:52:57

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/02/2021 12:53:10



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos.

O cancro é un dos problemas de saúde que mais afecta a nosa sociedade, especialmente polo difícil diagnóstico de moitos deles. O de mama é unha das doenzas con maior afectación á muller e desde Galicia traballouse para a súa detección precoz a través do cribado no que participan 2,5 millóns de mulleres e que permitiu reducir a mortalidade por mor deste cancro no 20%.

Unha vez realizada a detección, a atención de cada un dos casos coa maior premura é fundamental e aínda que se ven prestando desde os servizos de oncoloxía, xinecoloxía, etc., tense comprobado que as Unidades de Mama, con equipos multidisciplinares melloran o acceso e tratamento das mulleres que o precisan.

A atención e asistencia integral a unha patoloxía concreta, cunha coordinación dos procesos requiridos para a atención das doentes pode supoñer a mellora tanto nos tempos como nos coidados recibidos, mantendo o funcionamento e estrutura dos servizos de cada especialidade.

Aínda que en Galicia contamos con Unidades de Mama en varias áreas sanitarias, estas non teñen un modelo homoxéneo que as regule.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Por iso, desde este Grupo Parlamentario, presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que regule o funcionamento das Unidades de Mama, para homoxeneizalas en todas as áreas sanitarias galegas e que serva de referencia para a organización dos equipos de atención multidisciplinar doutras patoloxías, comezando polas relacionadas co solo pélvico”

Santiago de Compostela, a 9 Febreiro 2021.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 08/02/2021 19:22:23

Paula Prado del Río na data 08/02/2021 19:22:49

María Corina Porro Martínez na data 08/02/2021 19:23:07

Miguel Angel Tellado Filgueira na data 08/02/2021 19:23:19

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/02/2021 19:23:44

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 08/02/2021 19:24:14

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Alberto Pazos Couñago na data 08/02/2021 19:24:23

Noelia Pérez López na data 08/02/2021 19:24:45

María Elena Suárez Sarmiento na data 08/02/2021 19:25:09

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carme González Iglesias** e deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, sobre as actuacións a realizar para evitar a creba da frota do palangre de superficie.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pleno do Parlamento galego acordou, en outubro pasado, “Instar á Xunta de Galiza a demandar do goberno central e da Comisión Europea a análise de medidas de protección do marraxo dientuso que non leven ao quebranto económico da frota e que teña en conta todas as medidas de xestión sostíbel que as diferentes ORP e a UE teñen adoptado en favor desta especie”.

Daquela, a situación da frota galega de palangre de superficie xa era preocupante por mor de que o Ministerio de Transición Ecolóxica (MITECO) impedíalle comercializar o marraxo almacenado e que capturara legalmente coa autorización do Ministerio de Pesca baixo as prescricións do ICCAT.

Hai que lembrar que o marraxo non ten oficialmente imposto TAC nin tampouco cotas, aínda que si determinadas limitacións e certos obstáculos ás transaccións comerciais.

A día de hoxe, continúa sen haber saída para o marraxo que está almacenado e capturado no 2020 e nin o propio ministro de Pesca, que visitou Galiza a mediados de





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xaneiro, foi quen de aclarar nada nin de dar solución algunha ao respecto. E así o suma e segue prolongouse ata ben entrado o mes de xaneiro no que a frota aínda non coñecía cales serían as directrices para o 2021 mentres permanecía a pagar os altos custos de almacenamento das capturas sen comercializar do ano anterior.

120 buques galegos e máis de 850 tripulantes recibiron a noticia por parte do MITECO da negativa a poder comercializar o marraxo almacenado e a comunicación de que o cupo para 2021 no Atlántico Norte será cero. Na práctica, esta decisión aboca ao estrago do peixe almacenado e, por outro lado, a poñer en cuestión a continuidade e viabilidade de parte da frota palangreira galega que neste momento está xa a falar claramente de despeses e abandono da actividade.

Un cupo cero que foi proposto polo MITECO como autoridade científica CITES española ao grupo de revisión científica da Unión Europea (GRC), obviando o seu propio informe científico de comezos de 2020 (DENP para 2020), que concluía que para evitar a sobrepesca a frota do Estado español non debía superar o volume de capturas de 350 toneladas, e tendo en conta unicamente criterios de sostibilidade ambiental sen procurar tamén a económica e a social dunha frota que se somete a rigorosos controis e colabora coa comunidade científica dende hai moitos anos, que cumpre coa normativa vixente en canto ao rexistro das súas capturas e posterior transmisión electrónica dos datos da súa actividade pesqueira mediante o diario electrónico de a bordo (DEA), que conta con cámaras a bordo e con todos os demais elementos que se lle exixen e que, polo tanto, ven contribuíndo dende hai tempo á sostibilidade das pesquerías.

E así, diante da proposta do MITECO -Ministerio do Estado que, xunto con Portugal, realiza máis do 50% das capturas anuais de marraxo dientuso no stock do Atlántico Norte-, as autoridades científicas da UE coordinadas por CITES, elaboran unha proposta para a UE de cara a 2021 onde barallan dúas posibilidades: O





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

establecemento da cota cero ou permitir un volume de capturas de 295 toneladas para a Unión Europea. Finalmente, o moi activo papel do MITECO desembocou na decisión de restrinxir totalmente as capturas.

A opción do MITECO relativa ao establecemento dunha total prohibición da exportación do marraxo resulta absolutamente incomprensíbel pois, malia a evidente necesidade de establecer medidas de protección e conservación da especie que garantan a súa recuperación, os expertos consideraban que a redución das capturas permitiría igualmente a consecución dese obxectivo e, ademais, daríase cobertura ás capturas accidentais nas pesquerías doutras especies e evitárase devolver os exemplares morto ao mar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a demandar do Estado español a:

1. Autorización para permitir urxentemente a comercialización das toneladas de marraxo dientuso almacenadas en cámaras frigoríficas dende 2020.

2. Proposta á Unión Europea de que se fixe, como mínimo, o cupo de capturas seguindo as recomendación do informe DENP 2020, elaborado polo propio MITECO, no relativo ao stock de marraxo do Atlántico Norte, que conclúa que a frota do Estado español non debía superar un volume de capturas de 350 toneladas por ano.

3. Autorización da comercialización do marraxo dientuso respectando as recomendación dos organismos internacionais para a recuperación da especie e que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

eviten a sobrepesca, mais dando saída ás capturas accidentais na pesca dirixida doutras especies.”

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 09/02/2021 09:32:34

María do Carme González Iglesias na data 09/02/2021 09:32:50

Daniel Castro García na data 09/02/2021 09:32:57

Ana Pontón Mondelo na data 09/02/2021 09:33:05



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, Elena Suárez Sarmiento, Encarnación Amigo Díaz, José Luis Ferro Iglesias, Sandra Vázquez Domínguez e Felisa Rodríguez Carrera** abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión 4ª Educación e Cultura.**

Exposición de motivos:

O fomento e a posta en valor do ensino en materia de Formación Profesional ten sido unha das máximas prioridades da Xunta de Galicia na última década e pretendemos que o siga sendo tamén nesta nova lexislatura.

O carácter formativo teórico e práctico da Formación Profesional segue a espertar o interese da mocidade, xa que son conscientes de que contribúe a mellorar as súas oportunidades de cara ao acceso a un posto de traballo.

De feito, os estudantes que escollen este tipo de formación acada unha inserción laboral no primeiro ano despois de titularse dun 86%; cifra que aumenta ata máis dun 90% se falamos da Formación Profesional Dual.

Son cifras que merecen unha reflexión acerca da puxanza desta oferta educativa, que cada vez conta cunha mellor percepción social e que hai tempo que deixou de ser a irmá pobre da nosa educación para ter cada vez máis alumnos e máis especialidades formativas.

Nos últimos anos houbo mellora na FORMACIÓN PROFESIONAL a nivel xeral; tanto na ampliación da oferta como na implementación da FP DUAL, coa implicación do tecido empresarial, que son os que crean emprego en cada unha das comarcas que Galicia.

Deste xeito, puidemos pasar de 34.746 alumnos que tiña a Formación Profesional no curso 2008/2009 a máis de 56.000 que teñen as diversas ofertas de FP para este curso 2020/2021.



O obxectivo é seguir mellorando as capacidades de inserción laboral da Formación Profesional e adaptándoa ás necesidades do mercado laboral.

Polo Exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a que afronte un proceso de modernización e actualización da oferta de ciclos de FP no sistema educativo de Galicia para adaptarse ás novas necesidades formativas e ás demandas do sector socioproductivo da nosa comunidade”.

Santiago de Compostela, a 9 de Febreiro 2021.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/02/2021 09:44:05

Ovidio Rodeiro Tato na data 09/02/2021 09:48:28

Teresa Egerique Mosquera na data 09/02/2021 09:48:48

María Elena Suárez Sarmiento na data 09/02/2021 09:48:57

María Encarnación Amigo Díaz na data 09/02/2021 09:49:09

José Luis Ferro Iglesias na data 09/02/2021 09:49:23

Sandra Vázquez Domínguez na data 09/02/2021 09:49:33

María Felisa Rodríguez Carrera na data 09/02/2021 09:49:53

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

. Consideran que ante o aumento de responsabilidades do AGADER nesta lexislatura os méritos e experiencia esixidos na convocatoria son os máis acaídos para poder exercer ese traballo con solvencia?

. Resúltalles sorprendente o feito de que a persoa mellor valorada sexa un exdeputado do Partido Popular de Galiza que non ten vinculación nin coñecemento do sector?

. Ten pensado a Xunta de Galiza reiniciar o proceso de selección para este posto para que sexa unha persoa con experiencia acreditada quen ocupe esta praza?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Existe algunha relación de causalidade entre a relación persoal que une ao conselleiro do Medio Rural e o exdeputado popular e o feito de que este fose a persoa seleccionada para este posto?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/02/2021 17:00:59

María del Carmen Aira Díaz na data 10/02/2021 17:01:03

María González Albert na data 10/02/2021 17:01:14



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A pandemia provocada pola covid está xerando unha situación absolutamente descoñecida a nivel social, pero tamén no propio sistema sanitario que trata de afrontar novos métodos e formatos para afrontar as necesidades asistenciais á vez que combate ao virus con toda a eficacia que é capaz.

Dentro destas afectacións ao propio sanitario está o eido da oncoloxía, no que a situación que vivimos está provocando graves problemas en diagnóstico que, segundo apuntan os profesionais, levarán a un agravamento global da situación nos vindeiros meses e anos e, tristemente, é posible que deriven nun aumento da mortalidade por causa desta enfermidade. Segundo apuntan estes mesmos profesionais, continuáronse os tratamentos en marcha, que non poderían ser interrompidos

Algúns estudos promovidos polas sociedades científicas apuntan a que no 2020, por causa da pandemia e as súas consecuencias sobre a asistencia sanitaria a patoloxías non-covid (non presencialidade, temor da poboación a acudir a revisións ordinarias, limitación dos recursos sanitarios para focalizar na pandemia...).

Ao fío disto, no fin do ano 2020 o Grupo Socialista presentou no Pleno do Parlamento de Galicia unha proposta para que se realizara dende o Sergas un estudo sobre o volume de diagnósticos oncolóxicos en 2020 en comparación con outros anos, e así poder traballar en base a datos certos sobre posibles melloras e axilización dos servizos correspondentes. Esta proposta, en todo caso, foi rexeitada cos votos en contra do Partido Popular, que non considerou a súa importancia.

Ante a continua e crecente chamada de atención de profesionais sobre o problema que a pandemia xerará sobre pacientes oncolóxicos, especialmente no caso daqueles que verán retrasado o seu diagnóstico e as consecuencias que iso trae, debe ser necesario traballar no sentido de reverter este problema en toda a intensidade que sexa posible.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera hoxe o Goberno da Xunta de Galicia que existiu un problema de déficit de diagnóstico de cancro en Galicia durante o ano 2020?
2. Ten previsto o Goberno da Xunta de Galicia de estudar a posibilidade de ampliar os cribados de cancro que realiza na actualidade o Sergas a outros tipos?

Pazo do Parlamento, 10 de febreiro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 10/02/2021 12:19:06

Marina Ortega Otero na data 10/02/2021 12:19:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre os datos de vivenda pública adxudicada durante o período de vixencia do Plan Rehavita, Plan galego de rehabilitación 2015-2020..

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 12 de febreiro de 2015 o Consello da Xunta aprobou o Plan Rehavita, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020. No documento elaborado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Instituto Galego de Vivenda e Solo, recóllese unha breve análise sobre a que entenden que é a principal problemática en materia de vivenda. Así, no capítulo III diagnóstícanse cinco problemas principais en materia de vivenda, que van operar como o marco base que xustifica os eixos de actuación do Plan.

Sen entrar a valorar a acertado ou non da análise e das propostas feitas, entendemos que é necesario, no momento actual en que o Plan concluíu, avaliar cal foi o impacto das políticas programadas e valorar en que medida esas políticas serviron para corrixir aqueles problemas que o propio plan pretende solventar.

O primeiro problema, detectado no capítulo III, é o relativo ao elevado número de persoas que agardan, inscritos no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda, a poder acceder á vivenda que oferta o Instituto Galego de Vivenda e Solo e que a finais de 2014, no momento en que se elabora o plan, cífrase en máis de 15.000 inscritos. O





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

documento tamén salienta que esta cifra tan só recolle a cantidade de unidades familiares e que o número de persoas reais que agardan por vivenda pública pode roldar as 50.000. En base a este diagnóstico, o Plan fíxase como obxectivo dar resposta a este elevado número de demandantes, que ben polos seus baixos ingresos ou ben pola súa incapacidade de aforro, non poden acceder á vivenda libre. Para iso, propón impulsar distintos programas para aumentar o número da vivendas protexidas, para facilitar o acceso ao financiamento e de axudas que posibiliten o acceso en aluguer con rendas asumibles.

Pasados os cinco anos de aplicación e vixencia do Plan Rehavita, o número de inscritos no Rexistro de Demandantes de Vivenda continúa asentado na mesma cifra, no entorno dos 15.000 demandantes. Por tanto, tras cinco anos de políticas, supostamente orientadas a dar resposta ao “colapso” do Rexistro de Demandantes, a situación segue sendo de bloqueo.

O fracaso constatado das medidas propostas convidan a elaborar unha radiografía clara da dinámica de adxudicación de vivenda que mantivo o Instituto Galego de Vivenda e Solo nos últimos anos, de forma que poidamos elaborar un diagnóstico obxectivo de elementos chave como: os tipos de vivenda que contan con maior e menor número de adxudicacións, o tipo de réxime de adxudicación con maior e menor tempo de espera ou a relación entre a demanda e a oferta para cada un destes.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Cal foi o número de vivendas adxudicadas por anualidade entre o 2015 e 2020 de Protección Oficial de Promoción Pública en réxime de compra?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cal foi o número de vivendas adxudicadas por anualidade entre o 2015 e 2020 de Protección Oficial de Promoción Pública en réxime de alugueiro?

. Cal foi o número de vivendas adxudicadas por anualidade entre o 2015 e 2020 de Protección Oficial de Promoción Pública en réxime de alugueiro con opción a compra?

. Cal foi o número de vivendas adxudicadas por anualidade entre o 2015 e 2020 de Promoción Pública de Núcleos Rurais e Cascos Históricos en réxime de compra?

. Cal foi o número de vivendas adxudicadas por anualidade entre o 2015 e 2020 de Promoción Pública de Núcleos Rurais e Cascos Históricos en réxime de alugueiro?

. Cal foi o número de vivendas adxudicadas por anualidade entre o 2015 e 2020 de Promoción Pública de Núcleos Rurais e Cascos Históricos en réxime de alugueiro con opción a compra?

. Cal foi o número de vivendas adxudicadas por anualidade entre o 2015 e 2020 de Promoción Privada de Réxime Especial en réxime de compra?

. Cal foi o número de vivendas adxudicadas por anualidade entre o 2015 e 2020 de Promoción Privada de Réxime Especial en réxime de alugueiro?

. Cal foi o número de vivendas adxudicadas por anualidade entre o 2015 e 2020 de Promoción Privada de Réxime Especial en réxime de alugueiro con opción a compra?

. Cal foi o número de vivendas adxudicadas por anualidade entre o 2015 e 2020 de Promoción Privada de Réxime Xeral en réxime de compra?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cal foi o número de vivendas adxudicadas por anualidade entre o 2015 e 2020 de Promoción Privada de Réxime Xeral en réxime de alugueiro?

. Cal foi o número de vivendas adxudicadas por anualidade entre o 2015 e 2020 de Promoción Privada de Réxime Xeral en réxime de alugueiro con opción a compra?

. Cal foi o número de vivendas adxudicadas por anualidade entre o 2015 e 2020 de Promoción Privada de Réxime Xeral en réxime de compra?

. Cal foi o número de vivendas adxudicadas por anualidade entre o 2015 e 2020 de Promoción Privada de Réxime Xeral en réxime de alugueiro?

. Cal foi o número de vivendas adxudicadas por anualidade entre o 2015 e 2020 de Promoción Privada de Réxime Xeral en réxime de alugueiro con opción a compra?

. Cal foi o número de vivendas adxudicadas por anualidade entre o 2015 e 2020 de Promoción Privada de Réxime Concertado en réxime de compra?

. Cal foi o número de vivendas adxudicadas por anualidade entre o 2015 e 2020 de Promoción Privada de Réxime Concertado en réxime de alugueiro?

. Cal foi o número de vivendas adxudicadas por anualidade entre o 2015 e 2020 de Promoción Privada de Réxime Concertado en réxime de alugueiro con opción a compra?

. Cal foi o número de inscritos por anualidades para cada tipo de vivenda e de réxime de adxudicación entre o 2015 e o 2020?

. Cal foi o número de baixas por anualidades para cada tipo de vivenda e de réxime de adxudicación entre o 2015 e o 2020?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 10/02/2021 18:21:29

Alexandra Fernández Gómez na data 10/02/2021 18:21:33



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero, e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, e ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**.

No ano 2006 o Goberno socialista crea a “*Ley de promoción de la autonomía personal y atención a las personas en situación de dependencia*”, máis coñecida coma “Lei de dependencia”. Trátase dunha lei que transforma unha realidade silenciada para dar solución aos coidados básicos da vida diaria en casos de persoas cunha dependencia. Tratouse dun dos piares máis importantes dos avances na igualdade de oportunidades e nas políticas sociais da historia recente do noso país.

Lamentablemente nos anos de Goberno do Partido Popular no Estado, así coma nos últimos 11 anos na Xunta de Galicia, fixeron que esta lei sufrira recortes que a mudarían por completo. Os prazos que a lei establece son 3 meses para a resolución de grao e outros tres meses para a resolución do PIA, ou o que é o mesmo 180 días como máximo.

Ademais Galicia é a segunda comunidade autónoma que menos inviste por habitante de toda España e a que máis porcentaxe percibe por parte do Estado en canto a dependencia.

No últimos anos a partir do 2012 a chamada Lei de dependencia sufriu recortes a través do Estado e a Xunta de Galicia cando en ambos gobernos coincidía o Partido Popular. A libranza de coidados na contorna familiar principal axuda da Lei de dependencia ata entón, foi recortada polo Goberno do PP tanto nas contías económicas que xa estaban resoltas, coma na posibilidade de acceso á mesma por parte de novos expedientes. O recorte nesta axuda afectou a aquelas persoas que máis grao e dependencia tiñan, os graos III, coma enfermidades dexenerativas e outras nas que a forma de vida depende en exclusiva da figura do coidador/a.

Ademais atopámonos inmersos nun momento moi complexo no contexto da pandemia motivada pola Covid-19, que agravaba a situación moito máis se cabe. Persoas dependentes, das cales moitas continúan o confinamento nas súas casas, e outras moitas con graos II e III que xa o facían de xeito habitual debido as circunstancias, que non só precisan dun familiar como coidador senón que o



propio familiar que exerce como tal, limita a súa actividade laboral e posibilidades profesionais, o cal xa é complexo *per se*, e que neste contexto de crise socio-económica motivada pola pandemia agravará máis aínda a situación.

Unha das consecuencias da pandemia, ademais do evidente risco sanitario, é a crise económica e social asociada ás restricións tomadas para reverter o incremento da curva do virus. A libranza por coidados na contorna familiar percíbese os primeiros días de mes habitualmente, neste mes de febreiro a día 10 aínda están sen abonar, coa derivada preocupación que coidadores teñen nun momento complexo neste contexto.

As respostas a este retraso xeral nos pagos das libranzas en Galicia por parte da Administración foi que teñen todo o mes para efectuar o pago por lei. As queixas dos usuarios chegan dende Negreira, Sanxenxo, Teo, Santiago, Ames, Redondela, Vigo, Ares, Ferrol, Pontevedra, A Coruña, etc

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos urxente que resolvan este tipo de retrasos nas libranzas, das cales dependen en gran medida a economía de moitas familias e máis nun contexto de crise como o actual. Hai que ter en conta que a gran parte de usuarios e usuarias deste tipo de prestacións teñen altos custes de tratamentos farmacolóxicos.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte Interpelación:

- 1.^a) Cantos expedientes están a ser afectados por este retraso nos pagos das libranzas de dependencia en cada provincia?
- 2.^a) Ten previsto tomar algunha medias para que os retrasos nos pagos da libranzas de dependencia non se volvan a producir?

Pazo do Parlamento, 10 de febreiro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada do G. P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 12:12:55
Nº Rexistro: 10635
Data envío: 11/02/2021 12:12:55.519

Marina Ortega Otero na data 10/02/2021 18:36:03

Julio Torrado Quintela na data 10/02/2021 18:36:14

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGM9XV10zJ6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Martín Seco García, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O peche dunha empresa grande sempre é unha situación dramática. A perda de emprego afecta a centos de familias de xeito directo e moitas de xeito indirecto (auxiliares, subcontratas, provedores, hostalería, ...), e produce efectos no conxunto da comarca onde se asenta, dado o carácter tractor que teñen estas empresas. Si a empresa é mediana ou pequena, os efectos son os mesmos, aínda que a menor escala.

A defensa do emprego e a supervivencia das empresas afectadas por situacións de crise debe ser unha prioridade para o conxunto das institucións, especialmente no eido industrial.

O caso “Alcoa” na Mariña de Lugo, exemplifica como a defensa do emprego e a supervivencia das empresas pasa por manter unha posición firme e colaborativa dende o sector público.

Se o emprego está ligado a unha actividade industrial, os beneficios son múltiples: as condicións laborais, en xeral, son mellores no mundo industrial, e os salarios tamén solen ser máis elevados. O valor engadido xerado pola industria aporta riqueza o conxunto da sociedade e incide, así mesmo, en ámbitos como a I+D.

Como consecuencia da covid-19, en termos económicos, estamos nunha situación moi complexa, dramática para algúns sectores de actividade, situación que, de non ser pola acción decidida do Estado e das institucións no seu conxunto, tería consecuencias dantescas en termos de destrución de emprego e en termos de peche de empresas.

O longo do ano 2020, solo en Galicia, o estado ten aboado máis de 280 mil prestacións por ERTE e máis de 80 mil en concepto de axuda autónomos. Estas axudas permitiron que a caída acumulada en termos de emprego ate o mes de outubro fora do 1,6 % por debaixo da media do conxunto do estado, fixando unha taxa de paro do 13,5 % para o ano 2020 e unha taxa do 13,4 % para o ano 2021, inferior en calquera caso a media do estado.



Segundo os estudos de FUNCAS, en termos de PIB, a economía galega contraerase no ano 2020 un 11,1 % , unha caída inferior media do estado, en parte pola fortaleza do sector industrial, especialmente ligado a restructuración das plantas de automoción implantadas na Comunidade (CITRÖEN). Prevese un crecemento do PIB para o ano 2021, dun 6 %.

O Índice de Producción Industrial, que experimentou o principio da pandemia unha forte caída (crise acelerada da automoción e confección), recuperou tamén de xeito acelerado ate chegar a niveis previos a crise.

No eido industrial galego algúns sectores se verán máis afectados, pero en xeral a situación prevese complicada para os próximos anos.

Algunhas empresas do noso territorio están en serio risco, como Xeal, Ferroglobe, Alu Ibérica, Galicia Téxtil, Pili Carrera, Thenaisie Provoté, Maderas Iglesias, Gamesa-Siemens en As Somozas, Endesa nas Pontes, etc..., lamentablemente este listado de empresas se verá incrementado nos próximos meses.

En consecuencia, é necesario activar políticas no ámbito industrial para protexer as empresas, especialmente as empresas con viabilidade . Non todas as empresas teñen a mesma problemática, porque non hai unha solución única para todas elas.

Non obstante, é preciso establecer unha guía de intervención institucional, un protocolo a seguir en cada caso, para que o goberno galego participe no problema específico de cada empresa e colabore na súa resolución.

Os peches das empresas e despedidos masivos, por moi privadas que sexan, son asuntos públicos porque afectan a moitas persoas e, en consecuencia, un goberno responsable debe implicarse de modo sistemático na defensa do emprego e das empresas.

Polo exposto, os deputados e a deputada que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai o Goberno da situación da evolución do sector industrial de Galicia nos últimos anos?



2. Que valoración fai o Goberno galego da desertización industrial que afecta especialmente as provincias do interior de Galicia?
3. Considera a Xunta de Galicia necesario un protocolo integral de atención a empresas en crise co obxectivo de garantir a supervivencia das empresas que poidan ter viabilidade e, no seu defecto, a recolocación das persoas traballadoras do sector industrial? No seu caso, cales son as actuacións que está a levar o Goberno de Galicia?
4. Considera o Goberno galego incorporarse o capital das empresas, a través do Igape, empresas de capital-risco participadas maioritariamente polo Goberno galego ou das distintas fórmulas dispoñibles, sempre que elo sexa absolutamente imprescindible para a continuidade das empresas e do emprego?
5. Considera o Goberno galego fomentar os procesos de concentración empresarial para fortalecer o tecido empresarial galego? No seu caso, cales son as medidas concretas que vai adoptar a Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro do 2021

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Martín Seco García

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 11/02/2021 12:28:22

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/02/2021 12:28:33

Martín Seco García na data 11/02/2021 12:28:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Carme González Iglesias e Daniel Pérez López, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a diversificación de actividades en NAVANTIA RÍA DE FERROL.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comisión 6ª do Parlamento galego adoptou recentemente e por iniciativa do BNG varias proposicións non de lei relacionadas con NAVANTIA RÍA DE FERROL nas que se instaba a Xunta a demandar do goberno central a adxudicacións e comezo inmediato das obras de transformación do buque Galicia; e outra na que o Parlamento instaba á Xunta a reclamar a súa entrada no Consello de administración de NAVANTIA, e a demandar a constitución dunha mesa de traballo conxunta dedicada especificamente a promover a diversificación industrial do estaleiro, e nomeadamente a potenciar a Fábrica de Turbinas.

A crítica situación laboral pola que atravesamos fai que sexa urxente executar por parte da Xunta os anteditos acordos.

Por todo isto fórmase a seguinte interpelación:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que resultados obtivo a Xunta das xestións para executar estes acordos?

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Carme González Iglesias

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 11/02/2021 16:48:09

María do Carme González Iglesias na data 11/02/2021 16:48:13

Daniel Pérez López na data 11/02/2021 16:48:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a situación na que se atopa a Atención Primaria en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“A crise sanitaria causada polo COVID-19 levou á toma de decisións urxentes excepcionais que están a poñer en risco os valores esenciais das persoas. Isto tivo un especial impacto na relación clínica propia da Atención Primaria, modificando sobre todo un dos seus alicerces fundamentais, que é a accesibilidade. A pandemia resaltou a importancia deste ámbito asistencial sanitario e fai necesaria unha reflexión ética para preservar as súas características e valores fundamentais”.

Así inicia o Consello de Bioética de Galiza o seu informe “Crise sanitaria causada pola Covid19. Consideracións éticas sobre a Atención Primaria en Galicia” no que advirte do “serio impacto na relación profesional-paciente e, polo tanto, na prestación de atención que lle é propia á Atención Primaria” que tiveron as medidas adoptadas pola Xunta de Galiza no marco da pandemia provocada pola Covid19.

Neste senso, o Consello de Bioética chama a atención ao conxunto da sociedade galega e, cremos desde o Grupo parlamentario do BNG, tamén á propia Xunta sobre as consecuencias que está a ter:

- A presión asistencial intensa e mantida no tempo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A limitación do acceso ás consultas presenciais
- A modificación das pautas da práctica clínica habitual a través de protocolos que fican obsoletos nun breve prazo de tempo.
- Ter que darlle preferencia a atención dos problemas relacionados co COVID-19.
- O incremento das labores burocráticas dos/as profesionais.
- A variabilidade dos procesos asistenciais nas diferentes áreas sanitarias
- O descontento percibido da poboación respecto á atención e en relacióncoa falla de información

Fai o Consello de Bioética no seu informe unha especial advertencia sobre a atención telefónica, especialmente cando “non se adapta aos requisitos da asistencia ou édesproporcionada” pois, di, “pode non cumprir os fins da Medicina e crear unha sensación de inseguridade nos/as profesionais e de falta de protección nos/as pa-cientes. Cómpre lembrar que a atención presencial é a "regra de ouro" da rela-ción sanitaria que se desenvolve na Atención Primaria”.

Desde o Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego vimos advertindo das consecuencias que están a ter medidas adoptadas pola Xunta de Galiza no actual contexto Covid19 que se suman ao deterioro padecido pola Atención Primaria despois de anos de recortes.

Especialmente gravoso para o conxunto da cidadanía galega son as demoras nas citas médicas e mesmo na detección de doenzas graves, como cancro.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Cre a Xunta de Galiza que se está a garantir a máxima calidade asistencial na Atención Primaria?

. Cre que a atención telefónica e, especialmente, a súa implantación xeralizada, garante a debida a atención da cidadanía galega con patoloxías non-Covid?

. Vai adoptar algunha medida o Goberno galego para mudar a situación descrita e advertida polo Consello de Bioética de Galiza?

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 11/02/2021 16:54:51

María Montserrat Prado Cores na data 11/02/2021 16:54:58





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 11/02/2021 16:55:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as condicións de traballo na residencias DOMUS VI de Laraxe, na Comarca de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A representación do persoal das residencias de DOMUS VI na comarca de Ferrol manifestou recentemente nos medios de comunicación a súa preocupación polo descontrol da situación sanitaria na residencia de Laraxe, na que hai 77 casos activos de COVID19, unha cifra moi superior aos 44 que se está a trasladar non só á prensa , senón tamén de xeito oficial ao Concello de Cabanas.

No seu comunicado denuncian que “os gromos aparecidos en centros coma Domus Vi Laraxe non se espallan con esa virulencia por casualidade nin mala sorte” As representantes vinculan ese descontrol da situación a eivas moi concretas:

1. Non se reforzan os cadros de persoal.
2. Obrígase ao persoal a facer tarefas para as que non están formadas.
3. Prolongan e modifican xornadas de xeito abusivo provocando sobrecarga de traballo.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. A falta de protocolos axeitados, e a escaseza de EPIS, polo desleixo das direccións dos centros.....

As propias representantes lanzaron un manifesto no que chaman á Xunta de Galiza a tomar medidas na defensa dos dereitos das persoas usuarias en primeiro lugar, e na defensa dos seus dereitos como traballadoras, dúas reivindicacións que van parellas necesariamente, xa que o respecto escrupuloso dos dereitos do persoal é a mellor garantía para a saúde e o benestar das persoas usuarias, asuntos ambos sobre os que a Xunta de competencias de inspección e control.

Por outra banda, estas denuncias públicas provocaron represalias inmediatas por parte da empresa, que segundo ás propias representantes, comezou unha campaña entre o persoal obrigándoo a asinar documentos contra as representantes do sindicato CIG, absolutamente maioritario nos centros da comarca, incidindo sobre todo (como non) entre o persoal eventual, moito máis vulnerable e polo tanto sensible as presións patronais, contra unha representación

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Que ten pensado facer a Xunta de Galiza para que se respecten os dereitos das persoas usuarias e traballadoras nas residencias para persoas maiores?

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/02/2021 17:25:48

Iria Carreira Pazos na data 11/02/2021 17:25:52

Ramón Fernández Alfonso na data 11/02/2021 17:26:01



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O Real decreto lei 10/2020, do 29 de marzo, estableceu como actividades esenciais non afectadas polo confinamento, entre outras, as realizadas por "establecementos comerciais de venda polo miúdo de produtos hixiénicos", xa que foron claves para o exercicio da desinfección para evitar o coronavirus nesta crise sanitaria.

Un ano despois, a orde publicada no Diario Oficial de Galicia o 26 de xaneiro deixa aos distribuidores de produtos de limpeza, hixiene e desinfección fóra da categoría de establecementos esenciais, de xeito que se vén obrigados a pechar ás seis da tarde.

Estes establecementos mostran a súa absoluta desconformidade có Goberno autonómico por deixar fóra da consideración de comercio esencial ás súas tendas. Sendo a primeira vez que quedan fóra desta categoría.

A Xunta de Galicia obriga a xente a usar os produtos que este sector comercializa e, sen embargo, trata os seus comercializadores como non esenciais. Medida que non ten ningunha lóxica.

A maiores, o sector sofre o agravio comparativo de ver como eses produtos seguen vendéndose despois do horario do seu peche en supermercados e grandes superficies.

A día de hoxe non se sabe cal foi o motivo que levou a Xunta de Galicia a tomar esta decisión. Decisión que produce un desgaste importante e unha merma de ingresos para os establecementos comerciais de venda polo miúdo de produtos hixiénicos, así como a imposibilidade de fornecer destes produtos á sociedade galega.

O Grupo Parlamentario Socialista solicitamos unha rectificación a este feito e que se inclúa o antes posible no DOG no apartado de comercio esencial aos establecementos comerciais de venda polo miúdo de produtos hixiénicos, de limpeza e desinfección.



Este colectivo leva desde o día 27 de xaneiro intentando dar solución a este problema. O 29 de xaneiro falan co director xeral de Comercio, nesta conversa o director xeral admite, non saber nada deste tema e queda en consultalo e dar unha resposta. O venres 5 de febreiro volven contactar co director xeral de Comercio e coméntalles que non é competencia da súa dirección xeral e que lle envíen un correo. A día de hoxe non teñen resposta.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Vai rectificar a Xunta de Galicia de forma inmediata no DOG e incluír no apartado de comercio esencial aos establecementos comerciais de venda polo miúdo de produtos hixiénicos?

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 11/02/2021 18:20:08

Martín Seco García na data 11/02/2021 18:20:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, en demanda da paralización do proxecto de nova construción do tendido eléctrico que atravesará a zona sur do concello de Arteixo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 11 de xaneiro de 2021 anunciábase no BOP o acordo da Xefatura Territorial da Coruña polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa de construción e declaración de utilidade pública o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e o estudo de impacto ambiental dunha instalación de distribución eléctrica nos concellos de Carballo, A Laracha e Arteixo.

Unha liña de alta tensión que atravesará os tres concellos mencionados máis que ten unha elevada incidencia territorial e ambiental nas parroquias de Monteagudo, Chamín, Armentón, Loureda e Morás, no concello de Arteixo.

Malia estar publicado no BOP, non se indica prazo de alegacións nin se pode consultar o proxecto na web da consellería, unha opacidade que deixa nunha total inseguridade e indefensión a poboación afectada.

As xestións do BNG de Arteixo verifican este confusiónismo por parte do goberno galego, polo que se dirixiron por escrito á xefatura territorial da Coruña





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pedindo aclaracións sobre a exposición pública e os prazos de alegacións, sen que a día de hoxe teñan recibido resposta ningunha.

A preocupación da veciñanza é máxima e xustificada, xa que a liña de alta tensión programada é altamente invasiva en multitude de propiedades, discorrendo en moitas zonas moi perto das casas e núcleos de poboación.

A liña atravesa 13.600 metros en tendido aéreo, con 47 torretas de alta tensión de até 42 metros de altura, afectando a unha zona de reserva da biosfera, zonas afectadas polo POL e zonas de humedais como Sisalde ou Barrañán; humedais costeiros da rede natura da Costa da Morte e cun importante impacto no Val de Loureda, atravesado pola metade.

Unha afectación que se considera evitábel, pois a aludida necesidade de transportar electricidade ao polígono industrial de Morás non parece xustificada á vista de que xa se está construíndo unha subestación nestes momentos e que, en todo caso, de ser necesario sempre se podería aproveitar a rede de tendido eléctrico xa existente, sen duplicar e sen intervir de xeito tan lesivo no medio natural.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Que razóns explican que non este accesíbel este proxecto de construción de tendido eléctrico en superficie que tan negativamente afecta á zona sur do Concello de Arteixo?

. Por que se está a crear tanta confusión entre a veciñanza afectada coa publicación dos prazos de alegacións ao proxecto?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que razóns xustifican que se teña que construír ex novo este trazado de alta tensión en superficie para transportar electricidade ao polígono industrial de Morás?

. Como valora o goberno os informes contrarios recibidos desde o propio Concello de Arteixo?

. Está o goberno da Xunta disposto a atender as alegacións e paralizar a continuidade deste proxecto?

Santiago de Compostela, 04 de febreiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 04/02/2021 17:03:38

Ramón Fernández Alfonso na data 04/02/2021 17:03:41

Mercedes Queixas Zas na data 04/02/2021 17:03:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López,,
deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**
solicita a retirada do documento con números de rexistro **10040** por un erro material.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 12/02/2021 10:21:01

Ramón Fernández Alfonzo na data 12/02/2021 10:21:18

Daniel Pérez López na data 12/02/2021 10:21:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei de creación do Instituto Galego de Crédito e Investimento**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pandemia da covid-19 introduciu e acelerou na economía galega grandes retos do punto de vista do financiamento e, singularmente, do acceso a crédito. Malia as medidas de continxencia arbitradas por diferentes administracións as dificultades foron, son e serán importantes nun contexto no que se suceden grandes transformacións nos mercados financeiros.

Así mesmo, a pandemia demostrou a importancia dun sistema público forte así como a necesidade da intervención pública na economía para impulsar tecidos máis resistentes ás diferentes conxunturas. Polo tanto, para a necesaria reactivación económica, social e cultural que debe enfrontar Galiza na próxima década e para garantir a tutela pública da transformación socioeconómica do século XXI, un dos instrumentos imprescindíbeis é unha nova ferramenta para o crédito e o investimento que mesmo poida servir de base para unha futura Banca Pública Galega na liña doutros exemplos da contorna europea.

É necesario recordar, ademais, que antes da covid-19 Galiza xa sufría as consecuencias da intensa crise de orixe financeira desatada a partir do ano 2008, que puxo en evidencia a existencia de graves dificultades para acceder ao crédito e ao financiamento por parte do tecido produtivo galego, especialmente acusadas no caso das pequenas e medianas empresas. Máis alá das consecuencias en materia de afectación ao





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sistema produtivo e ao mercado laboral, o proceso vivido desde entón supuxo unha forte recentralización económica e política, a implantación da doutrina do déficit e un forte endebedamento da administración galega que, porén, non serviu para fortalecer a economía nin evitar o deterioro dos servizos públicos, pois obedeceu á axenda neoliberal que aplicaron de forma profunda os gobernos galego e central.

Así mesmo, é necesario observar as consecuencias lesivas para Galiza do longo proceso de reestruturación financeira que se impulsou no Estado español, con inxentes axudas públicas ao sistema financeiro e baixo a tutela da “troika” (Comisión Europea, Fondo Monetario Internacional e Banco Central Europeo). Este proceso tivo un elevado custe para o erario público e as persoas contribuíntes en xeral, ademais de que, como se está a comprobar de novo na crise da covid-19, non resolveu o fondo do problema, pois foron necesarias novas inxeccións na banca privada.

Galiza ten hoxe, despois do proceso de privatización e bancarización das caixas de aforros e despois de grandes procesos de compra e absorción de entidades, un nivel de concentración bancaria superior ao do Estado español e ao europeo, que previsibelmente se agrave nos próximos anos. Este proceso previo xa tivo nefastas consecuencias, sendo a máis clara e evidente a perda das caixas de aforros e a perda da galegitude e absorción de entidades bancarias como o Banco Pastor, o Banco Gallego ou o Banco Popular, deixando o mercado galego en mans de dúas grandes entidades.

Agora mesmo, atopámonos cun escenario mundial, europeo e estatal de incentivo a novas fusións e esa é a folla de ruta impulsada polo Banco Central Europeo e polo Banco de España. Entre as diversas consecuencias, estudos coma o Informe 2019/2020 sobre a economía galega que elabora o Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia da Universidade de Santiago de Compostela, sinalan que as actividades financeiras máis centradas no financiamento foron as que sufriron as maiores consecuencias da pandemias, por exemplo ao reducirse o volume financiado nun 35% no





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que atinxe ao capital risco, o *leasing* ou o *factoring*. Polo tanto, moitos dos problemas preexistentes e dos problemas xurdidos na crise da covid-19 agraváranse e a administración galega ten o deber de empregar o seu autogoberno e as súas competencias para exercer de contrapeso e deseñar ferramentas de estímulo económico.

Galiza debe arbitrar medidas diante do avance na concentración, centralización e oligopolización bancaria, coa conseguinte redución da oferta financeira e da competencia no sector, o que suporá maiores dificultades e peores condicións no acceso ao crédito por parte das familias e do tecido produtivo, sumado a un empeoramento drástico do punto de vista das persoas consumidoras e dos servizos ofertados pola banca privada.

Na actualidade, Galiza conta cunha diferenza de 26.168 millóns de euros entre os depósitos e os créditos. O noso país conta cun volume de créditos de 41.448 millóns de euros e 67.616 en depósitos, polo que os créditos só supoñen o 61% dos depósitos existente no país. É dicir, de cada tres euros en depósitos en Galiza, máis dun euro emigra para dar crédito a outros territorios e pérdese unha enorme potencialidade de retorno.

Cabe ter en conta que as dificultades para acceder ao financiamento a medio e longo prazo por parte das empresas produtivas non comezaron coa crise económica. Varios estudos realizados ao longo dos últimos anos revelan que o tecido produtivo, en particular as pequenas e medianas empresas, levan padecendo restricións de crédito ao longo dos últimos lustros, afectando en maior medida aos investimentos a medio e longo prazo, esenciais para o crecemento, modernización e expansión das empresas. Porén, todo parece indicar que o escenario xerado pola covid-19 agravará esta situación.

Por estes motivos, e nun contexto de necesaria transformación, cómpre mudar substancialmente o modelo, apostando pola creación do Instituto Galego de Crédito e Investimento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É preciso reformular os instrumentos financeiros á disposición das nosas empresas produtivas, para crear as condicións que permitan superar a crise e, sobre todo, estar en mellores condicións de medrar no futuro, cunha orientación do crédito cara actividades innovadoras e cara os obxectivos estratéxicos dun desenvolvemento sustentábel. Con máis razón se cadra, pola propia evolución dos recursos financeiros dispoñíbeis en Galiza, dado que se constata a reserva de aforro galego nas distintas entidades financeiras que non se inviste finalmente en Galiza senón que se deriva cara fóra pola estratexia das entidades financeiras. Tendo en conta o resultado final da remuda do mapa bancario, onde apenas quedan entidades financeiras con vinculación co país, esa evolución tenderá a incrementar, crecendo o espolio de aforro galego. Só con entidades financeiras que teñan o centro de decisión en Galiza se asegura o reinvestimento do aforro galego no tecido produtivo do país, e neste momento no que urxen as ferramentas económicas e financeiras para sentar as bases dunha saída xusta e galega á crise, o instrumento máis áxil e acaído é un instituto de crédito oficial galego con control plenamente público e que poida sentar as bases, nun futuro, dunha ferramenta aínda máis completa.

A crise do coronavirus evidencia que a axenda de baleirado do sistema público e de desregulación económica foi un fracaso, e Galiza atopábase xa inmersa nunha ralentización económica previa á pandemia. Fronte a isto, cómpre apostar por desenvolver o noso autogoberno para garantir o desenvolvemento económico e social e redundar no benestar das e dos galegos e na protección ás pequenas e medianas empresas nun momento no que os grandes esforzos do ámbito estatal e europeo están orientados ás empresas do IBEX35.

Cómpre recordar, neste sentido, que o actual Estatuto de Autonomía de Galiza, nas competencias exclusivas establecidas no seu artigo 30, recolle a competencia, no apartado 30.1, de “Fomento e planificación da actividade económica en Galiza”, no apartado 30.5, relativo a “Institucións de crédito corporativo, público e territorial e Caixas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Aforros”, así como no artigo 55.2 onde se establece que “A Comunidade Autónoma poderá constituír empresas públicas como medio de execución das funcións que sexan da súa competencia”.

O articulado deste proxecto de lei consta de once artigos, dúas disposicións transitorias, dúas disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e mais unha disposición derradeira que arbitra a entrada en vigor. Con este proxecto de lei dótase a Galiza dun novo instrumento económico que permitirá impulsar as grandes transformacións para a saída da crise xerada pola covid-19. A través deste novo mecanismo financeiro desenvolvemento de novas actividades nos diferentes sectores produtivos do noso país. Así mesmo, contribuírase positivamente a reordenar o propio sector financeiro galego na dirección de incrementar o seu compromiso coa economía produtiva e facer fronte aos problemas derivados da concentración bancaria.

A través da aplicación desta lei serán fomentados os investimentos produtivos nos ámbitos relacionados coa sostibilidade ambiental, a transición dixital, a innovación, a cohesión territorial e o desenvolvemento do capital humano e social. O Instituto Galego de Crédito e Investimento priorizará tamén o financiamento de iniciativas públicas, público-privadas ou privadas de interese xeral e estratéxico para Galiza relacionadas coa enerxía, as infraestruturas, os transportes, as comunicacións e a innovación.

Finalmente, cómpre engadir que con esta iniciativa lexislativa exércese a nosa capacidade de decisión nun momento decisivo para a historia de Galiza no que os poderes públicos non poden permanecer alleos a unha situación na que os sectores e as empresas produtivas galegas están sometidas ás entidades financeiras, cuxos centros de decisión se sitúan fóra de Galiza e á insuficiencia dun crédito oficial español cuxas directrices e prioridades se fixan nunhas coordenadas que non coinciden coas necesidades e intereses de do noso país. Así mesmo, este é o instrumento preciso para abordar de forma urxente o reto da transformación económica da covid-19 e impulsar un adecuado aproveitamento





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dos recursos extraordinarios que poida obter Galiza no camiño da súa reactivación económica, social e cultural e no deseño dunha saída xusta e galega á crise.

Artigo 1. Creación do Instituto Galego de Crédito e Investimento.

Autorízase a creación do Instituto Galego de Crédito e Investimento como unha entidade pública empresarial con personalidade xurídica propia, das previstas no artigo 89 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público de Galiza, que estará adscrito á consellaría competente en materia de economía e finanzas.

Artigo 2. Réxime xurídico.

O Instituto Galego de Crédito e Investimento será o instrumento principal da política de crédito público do Goberno Galego, estará sometido á normativa de aplicación do sector público galego e á do dereito privado que lle sexan de aplicación no exercicio da súa actividade.

No exercicio das súas funcións, o Instituto Galego de Crédito e Investimento axustarase ás disposicións orzamentarias anuais e ás directrices que en relación coa política económica xeral lle indique o Goberno Galego.

Artigo 3. Réxime patrimonial e empresarial.

O Instituto Galego de Crédito e Investimento terá patrimonio e tesouraría propia. Así mesmo, no exercicio das súas funcións disporá de autonomía financeira, patrimonial,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

funcional e de xestión, con submisión á presente lei e ao resto do ordenamento xurídico, sen prexuízo de que na súa actividade se axuste ás normas de dereito privado que lle son de aplicación.

Os seus Estatutos fixarán o réxime patrimonial e económico, consonte as disposicións aplicábeis ao sector público galego.

Artigo 4. Convenios e instrumentos de colaboración.

O Instituto Galego de Crédito e Investimento, a fin de cumprir o seu cometido, poderá utilizar instrumentos de dereito público e privado e asinar convenios de colaboración, concertos e protocolos de actuación coa Administración pública e con calquera ente ou institución pública ou privada.

As operacións que en cumprimento da súa actividade realice o Instituto Galego de Crédito e Investimento con persoas físicas e entidades privadas someteranse ás normas do dereito privado, nas condicións establecidas polos seus Estatutos.

Artigo 5. Obxectivos e actividades.

1. Os obxectivos e fins xerais do Instituto Galego de Crédito e Investimento serán os seguintes:

- a) Promover aquelas actividades económicas que contribúan ao desenvolvemento e ao aumento da riqueza de Galiza e en especial, aquelas que, pola súa transcendencia social, cultural, innovadora ou ecolóxica, merezan unha atención prioritaria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- b) Promover a transformación do tecido económico e produtivo de Galiza no marco da reactivación económica, social e cultural para afrontar as consecuencias da pandemia da covid-19.
- c) Apoiar o desenvolvemento da economía e sociedade galegas, poñendo a disposición solucións de financiamento en condicións de prezo e prazo acaídas á fase de desenvolvemento dos proxectos empresariais, potenciando a capacidade emprendedora, a compoñente innovadora, o investimento e a creación de emprego de calidade.
- d) Promover aquelas iniciativas empresariais de pequena ou mediana dimensión que, en función de criterios sociais, de fomento da igualdade, culturais, de innovación ou medioambientais, merezan unha atención prioritaria, para a capitalización e o financiamento a medio e longo prazo da súa actividade produtiva.
- e) A participación ou concesións directa de créditos ás empresas e emprendedores de Galiza, dentro das áreas prioritarias da economía produtiva que estableza o Goberno galego.
- f) Apoiar a profesionalización, a modernización, a promoción da competitividade e a internacionalización das empresas galegas.
- g) Fomentar os proxectos que supoñan transferencia de investigación, tecnolóxica ou innovadora entre os entes académicos e a empresa.
- h) Fomentar proxectos empresariais no ámbito da cultura e do sector do investimento social, saúde, coidados, educación e formación, emprego, inclusión e vivenda social.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

i) Apoiar proxectos emprendedores creadores de sinerxías produtivas completando as cadeas globais de valor e os ciclos produtivos en Galiza, singularmente os que necesiten o fornecemento por parte dos sectores primarios, e respecten criterios de sostibilidade ambiental e fomenten a creación de emprego de calidade.

j) A redución de custos na xestión dos recursos financeiros e nas operacións de crédito da Comunidade Autónoma.

k) Contribuír a xerar unha nova dinámica ao conxunto do sistema financeiro galego, reforzando a aposta por unha economía produtiva, innovadora, creadora de emprego da calidade e sustentábel.

2. En desenvolvemento de ditos obxectos, o Instituto Galego de Crédito e Investimento poderá:

a) Desenvolver aquelas actividades financeiras que lle encomende o Goberno Galego no ámbito das súas competencias.

b) Tomar participacións ou prestar apoios financeiros en empresas e entidades non financeiras públicas ou privadas, sempre que non superen o límite dos seus recursos propios, e no marco das políticas sectoriais prioritarias, unha vez obtida a autorización do Goberno e posto en coñecemento do Parlamento de Galiza.

c) Constituír, no marco da normativa mercantil e nos termos e condicións establecidos pola lexislación aplicábel, sociedades mercantís dedicadas ao financiamento de empresas baixo calquera modalidade, ou sociedades de investimento en participacións financeiras ou patrimoniais. Ao seu tempo, ditas sociedades poderán participar igualmente en sociedades mercantís, financeiras ou fondos, sexan públicos ou privados, cuxas actividades se dirixan ao investimento





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en sectores relacionados coa innovación ou co tecido produtivo de Galiza, en sociedades e fondos de garantía, e en sociedades ou fondos de capital risco.

d) Outorgar e formalizar créditos, operacións de financiamento, avais e outras garantías en favor de institucións, administracións ou corporacións públicas, persoas físicas, autónomos e profesionais -no exercicio da súa actividade económica e profesional-, e de persoas xurídicas, públicas e privadas. En todo caso, os créditos e avais que se concedan a persoas xurídicas deben destinarse ao financiamento de investimentos en activos materiais, inmateriais e financeiros, así como de capital circulante, coa excepción do sector da promoción inmobiliaria (agás a vivenda de protección oficial) que non poderá ser financiada polo Instituto.

e) Administrar os programas públicos de fomento industrial e desenvolvemento económico.

f) Actuar como axencia de crédito à exportación de acordo coa administración competente da Comunidade Autónoma de Galiza, e prestar apoio técnico à exportación, internacionalización e xeración de emprego das empresas galegas.

g) Colaborar na administración de fondos europeos estruturais, de investimento ou extraordinarios, como tamén os procedentes doutros programas europeos de apoio ás empresas como os impulsados polo Grupo do Banco Europeo de Investimento, no ámbito do Fondo Europeo para Investimentos Estratéxicos.

h) Prestar consultoría de empresas en materia de estrutura de capital, estratexia e reestruturación empresarial, así como apoio técnico sobre financiamento público na promoción da competitividade e internacionalización das empresas galegas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- i) Prestar asesoramento en materia financeira e emitir informes para o Goberno galego ou o departamento competente en materia de finanzas, a petición destes ou a iniciativa propia.
- j) Exercer a representación da Comunidade Autónoma de Galiza nos ámbitos financeiro e crediticio.

A actividade descrita, particularmente a concesión de créditos e avais, dirixirase a actividades que se realizan en Galiza e, excepcionalmente, para actividades que se desenvolven fóra deste territorio. Neste último caso, con todo, a empresa ou o beneficiario afectado debe ter o seu enderezo social en Galiza.

Artigo 6. Órganos de Goberno.

1. Os Estatutos do Instituto Galego de Crédito e Investimento regularán os órganos de goberno, que serán en todo caso, o Consello de Dirección, que estará presidido pola persoa titular da consellaría de adscrición, e a Dirección Xeral.

2. Existirá ademais un Comité Asesor, como órgano de participación dos axentes sociais e institucións e entidades representativas no eido económico, designadas na súa metade por ditas institucións e entidades, e na outra metade polo Parlamento de Galiza a proposta dos grupos parlamentares, entre persoas de competencia recoñecida, procedentes do ámbito financeiro, económico, social ou universitario.

3. Os órganos de goberno e o Comité Asesor terán garantidos na súa composición a presenza equilibrada entre mulleres e homes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 7. Réxime económico-financeiro e patrimonial

O Instituto Galego de Crédito e Investimento terá, para o cumprimento dos seus fins, un patrimonio propio, distinto do da administración da Xunta de Galiza, integrado polo conxunto de bens e dereitos dos que sexa titular.

A xestión e a administración dos seus bens e dereitos propios, así como daqueles do patrimonio da Administración que se lle adscriban para o cumprimento dos seus fins, serán exercidas de acordo co previsto na lexislación correspondente.

Artigo 8. Recursos económicos

Os recursos económicos do Instituto Galego de Crédito e Investimento estarán constituídos por:

- a) Os ingresos ordinarios e extraordinarios recibidos como contraprestación polas actividades realizadas e os obtidos polos bens e dereitos integrados no seu patrimonio.
- b) Excepcionalmente, as asignacións que se establezan anualmente con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza.
- c) As subvencións, transferencias correntes ou de capital que procedan de administracións ou entidades públicas, conforme o réxime xurídico do sector público.
- d) As doazóns, legados, patrocinios e achegas doutras institucións financeiras, públicas ou privadas, que se establezan consonte a normativa en vigor, ou a través de convenios ou acordos de financiamento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- e) As emisións de valores de renda fixa, variábel, ou outras operacións de endebedamento e os recursos derivados da xestión integral dos seus activos e pasivos.
- f) Os rendementos procedentes doutras operacións financeiras distintas das indicadas anteriormente, acordes coa propia finalidade do Instituto.
- g) Outros recursos que poidan serlle atribuídos na normativa sectorial ou orzamentaria.

Artigo 9. Réxime orzamentario, de control e de xestión.

1. O réxime económico e orzamentario, así como o seu control e fiscalización, do Instituto Galego de Crédito e Investimento será o establecido na normativa de réxime orzamentario de Galiza para as entidades instrumentais públicas.

2. As obrigas patrimoniais do Instituto Galego de Crédito e Investimento terán a garantía da administración da Comunidade Autónoma de Galiza.

Artigo 10. Control de eficacia.

1. O Instituto estará sometido a un control de eficacia no cumprimento do seu plan de actuación, que será exercido pola consellaría de adscrición.

2. O control de eficacia ten por obxecto comprobar o grao de cumprimento dos obxectivos fixados e a adecuada utilización dos recursos que lles fosen asignados para a consecución destes obxectivos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 11. Persoal.

1. Os postos de traballo do Instituto Galego de Crédito e Investimento serán desempeñados por persoal laboral contratado polo Instituto, ademais de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galiza, segundo as funcións asignadas a cada posto de traballo. Neste caso, o réxime de adscrición será o establecido pola normativa de función pública de Galiza.

2. O Instituto Galego de Crédito e Investimento aprobará a súa relación de postos de traballo, onde deberán figurar os postos directivos reservados a persoal de alta dirección, que poderán ser nomeados e cesados libremente polo Consello de Dirección, entre persoas de recoñecida competencia e experiencia profesional, que deberán cumprir as regras aplicábeis en materia de conflito de intereses e de transparencia consistentes na divulgación de dos seus intereses patrimoniais.

O resto dos postos de traballo serán seleccionados en convocatorias públicas, conforme os principios de mérito e capacidade.

Disposición transitoria primeira. Adscrición de persoal

O persoal que presta servizos no Instituto Galego de Promoción Económica integrárase no Instituto Galego de Crédito e Investimento, quen se subrogará na posición de empregador consonte a normativa laboral, mantendo en todo caso os mesmos dereitos laborais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Disposición transitoria segunda. Subrogación patrimonial

O Instituto Galego de Crédito e Investimento subrogarase en todas as obrigas patrimoniais, e asumirá a titularidade do patrimonio e dos activos e pasivos do Instituto Galego de Promoción Económica.

Disposición adicional primeira. Habilitación de desenvolvemento.

1. O Goberno galego aprobará, no prazo de tres meses, os Estatutos do Instituto Galego de Crédito e Investimento, e realizará as operacións necesarias para a subrogación patrimonial e de persoal prevista nesta presente Lei, ficando expresamente autorizado para realizar cantas accións sexan necesarias para ese fin.

2. Así mesmo, facúltase ao Goberno galego a adoptar cantas disposicións adicionais, alén do Estatuto referido no parágrafo anterior, sexan necesarias para o desenvolvemento da presente lei.

Disposición adicional segunda. Inicio de actividades.

1. O comezo das actividades do Instituto Galego de Crédito e Investimento será no momento da entrada en vigor dos seus Estatutos.

No caso de que o inicio das actividades non coincida coa entrada en vigor dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, o Consello da Xunta aprobará os seus orzamentos de explotación e capital e os estados financeiros correspondentes ao exercicio económico en curso, dando conta no prazo de dez días ao Parlamento de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. No momento de inicio da actividade do Instituto Galego de Crédito e Investimento, tamén se aprobarán as operacións necesarias para a extinción do Instituto Galego de Promoción Económica, así como o traspaso da súa actividade, dos seu patrimonio, dos activos e pasivos, e do persoal subrogado nos termos desta Lei.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas cantas de normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto na presente Lei.

Disposición derradeira. Entrada en vigor.

A presente Lei entrará en vigor o día da súa publicación no Diario Oficial de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ANTECEDENTES LEXISLATIVOS DA PROPOSICIÓN DE LEI DE CREACIÓN DO INSTITUTO GALEGO DE CRÉDITO E INVESTIMENTO

-Estatuto de Autonomía para Galiza, aprobado por Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril.

-Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galiza.

-Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica.

-Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galiza.

-Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galiza.

- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/02/2021 10:54:31

Ana Pontón Mondelo na data 15/02/2021 10:54:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei pola que se modifica o Decreto lexislativo 2/2015, 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ángeles Alvariño foi unha prestixiosa investigadora galega pioneira non só polos seus traballos científicos, senón tamén na loita polos dereitos da mulleres no ámbito académico e da investigación.

En 1977, Alvariño denunciou a discriminación que padecía no laboratorio estadounidense no que traballaba. Fíxoo cunha carta remitida ao Goberno dos EUA na que denunciaba a exclusión e as pexas que sufrían as mulleres para acceder a categorías superiores e na súa promoción profesional. Na misiva, unha frase salientou por riba de todas elas: “non fun das que se inclinaron e aceptaron en silencio a situación”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde a denuncia de Ángeles Alvariño até hoxe a sociedade foi mudando, o feminismo foi avanzando e as mulleres ocupando, aos poucos, un lugar propio tamén na ciencia e na investigación.

Así, o ordenamento xurídico galego establece na actualidade os principios de igualdade entre homes e mulleres e de non discriminación por razón do xénero. Porén, no noso país persisten aínda discriminacións en todos os ámbitos da vida social, cultural, laboral, económica e tamén no ámbito académico e da investigación.

Son múltiples os estudos que evidencian a pervivencia e reprodución das fendas de xénero, tanto verticais coma horizontais, na ciencia e a investigación. Discriminacións que resultan de se conxugar, entre outros, dous fenómenos:

a) O *glass ceiling* ou ‘teito de vidro’, segundo o cal as mulleres van avanzando posicións nas súas carreiras profesionais até se atoparen cun teito ou barreira invisíbel que impide o seu progreso até a cima.

b) O *leaky pipeline* ou ‘tubaxe que pinga’, polo cal as mulleres van desaparecendo progresivamente, pinga a pinga, das carreiras científicas ás que van accedendo polos obstáculos e pexas que atopan.

Neste contexto, hai tempo que os principais organismos de investigación e goberno, tanto galegos, estatais como internacionais, recoñecen que existen situacións de desvantaxe nos procesos competitivos de captación de contratos ou financiamento de proxectos relacionados co xénero e coas circunstancias derivadas da maternidade que poden ocasionar unha interrupción temporal na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

actividade e carreira do persoal investigador e, en especial, das mulleres investigadoras.

As conclusións de numerosos traballos científicos de referencia internacional amosan as dificultades e pexas que as mulleres atopan ao longo da súa carreira investigadora e as desvantaxes e discriminacións que sofren fronte aos seus compañeiros homes. De facto, un estudo publicado pola prestixiosa revista Nature cuantifica en case o cincuenta por cento a porcentaxe de mulleres que abandona a carreira investigadora a tempo completo despois do nacemento do seu primeiro fillo (Else, 2019). Estas dificultades tradúcense no feito de que a proporción de mulleres descende de maneira alarmante segundo se ascende na carreira investigadora ao pasar dunha porcentaxe equilibrada na etapa predoutoral até representar apenas o 26% do PDI ou tan só o 21% das Cátedras nas universidades públicas do estado, de acordo cos datos publicados pola Comisión de Mulleres e Ciencia do CSIC (2020) e o Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades (2017).

Fronte a esta realidade, o Instituto Europeo para a Equidade de Xénero (EIGE, nas súas siglas en inglés) estableceu unha serie de recomendacións a respecto da carreira investigadora nas que insta a crear un marco legal e político e proporcionar ferramentas que eliminen as barreiras legais e de calquera outro tipo na contratación, retención e progresión da carreira das mulleres investigadoras.

Esta proposición de lei pretende, pois, introducir medidas reguladoras que garantan a igualdade de xénero no acceso ás convocatorias públicas de investigación nas universidades galegas, os organismos públicos de investigación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Galiza e outras entidades do sistema de I+D+i galego co obxectivo de evitar situacións de discriminación e vulneración dos principios de igualdade de trato e de oportunidades. Así mesmo, busca incorporar a perspectiva de xénero na universidade e na investigación, á fin de facer efectiva a igualdade entre mulleres e homes.

Así pois, a proposición de lei consta de tres artigos dirixidos a apoiar, promover e visibilizar o traballo investigador das mulleres en Galiza e tamén a introducir mecanismos correctores e obxectivos nas convocatorias públicas de I+D+i para evitar a discriminación e/ou penalización das mulleres, e tamén dos homes, en casos de maternidade, paternidade ou permisos temporais asociados ao embarazo, coidado de dependentes e/ou lactación.

Coa finalidade de dotarnos de máis e mellores ferramentas para conseguir a plena igualdade formúlase a seguinte proposición de lei.

Artigo 1.-

Substitución do artigo 20 polo seguinte

“Artigo 20. A perspectiva de xénero na universidade e na investigación.

1. Co obxectivo de facer efectiva a igualdade de mulleres e homes no ámbito da universidade e da investigación adoptaranse as seguintes medidas:

a) Creación de cátedras sobre cuestións de xénero nas facultades, escolas técnicas superiores e escolas universitarias.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) Apoio á realización de proxectos de estudo e investigación sobre cuestións de xénero e/ou de proxectos de estudo e investigación nos cales se integre a perspectiva de xénero, e promoverase que nos proxectos de investigación dos que se poidan extraer resultados para as persoas, se teña en conta a perspectiva de xénero.

c) Formación da totalidade do persoal en materia de perspectiva de xénero e prevención da violencia contra as mulleres.

d) Apoio, a través do establecemento de medidas de acción positiva, do traballo das mulleres no ámbito da investigación, fomentando a súa participación e liderado en grupos de investigación.

e) Visibilización das achegas das mulleres nos ámbitos científico e técnico ao longo da historia e na actualidade, tanto aquelas de recoñecido prestixio e carreira consolidada como o talento emerxente.

f) Garantía de que os períodos de tempo dedicados ao desfrute de permisos, ou con reducións de xornada, por razóns de conciliación ou coidado de menores, familiares ou persoas dependentes, non repercutan negativamente na formación e na carreira docente e investigadora.

2. As universidades e os centros e institucións de investigación galegos deben:

a) Garantir o cumprimento do principio de non discriminación por razón de xénero tanto directa como indirecta, e facer efectiva a igualdade de mulleres e





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

homes na carreira docente e na investigadora, así como entre a totalidade do persoal ao seu servizo.

b) Establecer medidas que garantan unha participación equilibrada de mulleres e homes en todos os órganos colexiados e na toma de decisións.

c) Deseñar métodos de avaliación da calidade científica e académica non discriminatorios por razón de xénero.

d) Promover un uso dos tempos e da organización do traballo que facilite a conciliación e favoreza a corresponsabilidade de homes e mulleres, permitindo compatibilizar o exercicio da profesión académico-científica-tecnolóxica coas responsabilidades persoais e de coidado.

e) Garantir que as avaliacións de persoal docente e investigador teñan en conta a perspectiva de xénero e a non discriminación, directa ou indirecta, por razóns de sexo.

f) Garantir que nos procesos de selección e/ou avaliación da traxectoria académico-profesional, os que se consideren intervalos temporais, resulten excluídos, sen impacto negativo para a/o interesada/o, aqueles períodos de tempo dedicados ao desfrute de permisos, ou con reducións de xornada, por razóns de conciliación ou coidado de menores, familiares ou persoas dependentes.

g) Establecer criterios de acción positiva nas axudas á investigación, garantindo a calidade e a excelencia, nas convocatorias de axudas, de forma que se valore positivamente que os grupos estean liderados por mulleres, integrados por máis dun 40% de mulleres ou incorporen a perspectiva de xénero.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

h) Establecer medidas para a detección precoz da violencia de xénero e de apoio ante calquera das formas de violencia definidas na lexislación galega.

i) Potenciar a vocación científica e investigadora entre as mulleres.”

Artigo 2.-

Engadir un *artigo 20 bis* co seguinte texto:

“Artigo 20 bis. Avaliación dos méritos, *currículum vitae* e traxectoria investigadora nas convocatorias públicas de I+D+i

a) A administración autonómica desenvolverá medidas tendentes a garantir a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes evitando calquera discriminación ou penalización directa ou indirecta por razón de xénero en todos os procesos de avaliación e/ou selección do persoal investigador.

b) Para as convocatorias públicas de I+D+i onde o criterio de avaliación comprenda a valoración dos méritos acadados durante un período concreto e limitado ou ao longo de toda a carreira investigadora así como, aquelas en que o criterio de avaliación estea baseado na consecución duns méritos mínimos computados durante o total da carreira investigadora ou durante un período limitado e concreto da mesma, a Administración autonómica deberá computar como tempo de inactividade investigadora o tempo desfrutado de permiso de maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e/ou lactación e incapacidade temporal asociada ao embarazo.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) A ponderación do tempo de inactividade investigadora fixarase en valores porcentuais e converterase no factor de corrección a agregar sobre a puntuación final acadada pola persoa candidata na avaliación redondeando á alza o resultado final ao enteiro máis próximo.

Artigo 3.-

Disposicións derradeiras.-

Primeira. As medidas previstas no *artigo 20 bis* serán de aplicación nas convocatorias públicas seguintes á entrada en vigor da presente lei.

Segunda. Facúltase a Xunta de Galiza para ditar cantas disposicións regulamentarias sexan necesarias para o adecuado desenvolvemento desta lei.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ANTECEDENTES LEXISLATIVOS

- Constitución Española.
- Estatuto de Autonomía de Galiza.
- Decreto legislativo 2/2015, 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de igualdade.
- Lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema universitario de Galiza.
- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de homes e mulleres.
- Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galiza
- Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 10/02/2021 12:01:30

Noa Presas Bergantiños na data 10/02/2021 12:01:42

Ana Pontón Mondelo na data 10/02/2021 12:01:53



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

